

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

YOLANDA CASTAÑO PRESENTA TRADUCCIÓN

O libro bilingüe da egoísta

Xa fixera del a versión audiovisual, *O vídeo da egoísta*. Agora presenta unha edición bilingüe, en galego e castelán, publicada pola madrileña Visor. *O libro da egoísta* é o cuarto poemario de Yolanda Castaño. Fora publicado por Galaxia hai tres anos, e agora reedítase nunha tradución feita por ela mesma, co título *El libro de la egoísta*. Este venres 10, ás doce e media, o Auditorio do Centro ON de Caixa Galicia (Cantón Pequeno, 9  11. A Coruña) acolle a presentación. tamén será proxectado o videopoema *O Vídeo da Egoísta*, gañador do Curtocircuíto 2004. A poeta xa publicara traducido *Vivimos en el ciclo de las Erofanías* (Huega & Fierro, Madrid, 2000).

- 09:27 10/11/2006